

[A GALICIA DO FUTURO]



[**Alberto García Cerviño**]

Presidente de Solidaridade Internacional de Galicia.

"Creo que corren novos tempos para Galicia, tras anos dunha Galicia adormecida e estancada, imaxínome a Galicia do futuro máis aberta e dinámica, unha Galicia máis progresista e culta, unha Galicia máis solidaria. Os vindeiros anos serán os da Galicia máis activa, máis avanzada, desenvolvida, con voz e presenza nos ámbitos nacional e internacional e protagonista dos procesos de cambio". ■



[**Uxia Senlle**]

Cantante, Pontevedra.

"Soño con que Galiza recupere a alegría e autoestima. Vexo que seremos capaces de proxectar no futuro o que somos: unha Galiza activa, fértil, imaxinativa. Gustaríame que fose un país onde a xente non se vira obrigada a emigrar e que houbera oportunidades para todos, que sigamos falando na nosa lingua e onde a música e a poesía sigan sendo motores". ■



[**Héctor Garay**]

Estudiante de Ciencias de la Información en Madrid

"Galicia es un lugar muy bonito. Es cierto que desde el cambio de gobierno se han producido muchas novedades para mejor, yo creo. Soy madrileño y la imagen que se tiene de los gallegos y de su tierra es muy buena allí en la capital. Galicia tiene un gran potencial y hay que potenciarlo como sea". ■

## O 'boom' inmobiliario e a alza de prezos ameazan ó litoral galego

[**RePortaxe**] Galicia terá en cinco anos 500.000 novas vivendas, que seguirán subindo de prezo aínda que, segundo os expertos, "a un ritmo menos acelerado do que o fai na actualidade"

[**Escritor:** LUIS VÁZQUEZ PENA | **AGN:** | **Fotografía:** G. GARCÍA | J. CERVERA]



a costa galega corre risco de "marbellización". A formación ecoloxista Greenpeace denunciou fai uns días que o litoral da comunidade galega está entre os máis agredidos. O 'boom' inmobiliario xa non só o viven as cidades de Galicia. Agora invade o litoral. A construción de pisos continúa. E tamén a alza de prezos.

Nos próximos anos construíranse na costa galega en torno a 300.000 novas vivendas, 17 campos de golf e unha quincena de portos deportivos, entre ampliacións e novos proxectos. Greenpeace di que Galicia non o resistirá. E o reflexa no informe "Destrucción custe o que custe 2006". "Un enorme número de proxectos urbanísticos ameazan con desfigurar o litoral galego", sinalan os dirixentes da formación ecoloxista. Están en perigo 1.200 dos 1.720 quilómetros do litoral galego, asegura o citado informe. E dá máis datos: trinta municipios de Galicia teñen previsto aumentar a súa edificabilidade en máis dun 100 por cento, e unha decena superan o 200 por cento.

**500.000 novas vivendas** | A construción, pese a este desalentador panorama, desempeña un papel protagonista no impulso económico de Galicia. O sector representa o dez por cento do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia. O presidente da Asociación de Promotores Inmobiliarios (Aproin), Anxo Galego, fai os seus cálculos. E estima que Galicia contará con 500.000 novas vivendas nos próximos cinco anos, a 100.000 novos pisos por ano. Durante 2006 todo o territorio estatal suportará 1.200.000 novas vivendas.

O secretario xeral da Federación de Promotores Inmobiliarios de Galicia (Feproga), Juan José Yáñez, estima que os datos de Greenpeace non teñen base sólida. Están tomados "a tiro". Segundo as súas informacións, menos dunha decena de concellos contan con plans urbanísticos adaptados á legalidade. O número de vivendas proxectadas sufrirá un drástico axuste. Aínda así reconece que, se a tendencia mantén o ritmo, en dez anos haberá 400.000 novas vivendas en toda a comunidade. E delas, 300.000 baleiras.

En Galicia levantáronse 37.000 novas vivendas en 2005. Segundo cálculos feitos en función das licenzas tramitadas polo Colexio de Arquitectos de Galicia. A final de ano a comunidade terá 45.000 novas casas.

Os promotores reconecen que Galicia agora é foco de atracción. ¿Por que? Porque a Costa do Sol e Levante son zonas "saturadas". O noroeste de España está no punto de mira, como

alternativa para adquirir unha segunda vivenda.

A firma de análise sectorial DBK anuncia que o sector da construción en España crecerá por encima do 12 por cento en 2006. E alcanzará unha produción de 185.000 millóns de euros. O estudo elaborado pola firma especializada revela o xa coñecido: o sector manterá unha senda de desaceleración en próximos exercicios. En 2007 avanzará un sete por cento. E en 2008, un seis por cento.

**Vivendas baleiras** | En Galicia, o número total de vivendas baleiras suma 229.360, segundo datos recollidos polo Instituto Nacional de Estadística. Nunha de cada unha destas cinco vivendas non habita ninguén na actualidade. É o 17,6 por cento do total. Só Extremadura está por enriba destas cifras. Pero os datos non coinciden. Só o 60,3 por cento das vivendas censadas na comunidade galega están ocupadas -904.100 de 1.297.700-, segundo o informe "Estadísticas Históricas de España nos Séculos XIX e XX", realizado pola Fundación BBVA.

Os aforros dos galegos destínanse á compra dun piso. É un investimento garantido, segundo os máis recentes datos da evolución de prezos. En ocasións, e dependendo do inmoble e da zona onde está situado, a revalorización pode situarse entre o 20 e o 30 por cento.

A Sociedade de Tasación, que puntualmente publica un dos múltiples informes que saca á luz pública o sector, asegura Galicia foi onde máis se encareceron os pisos no último ano. Creceron en 2005 case un 16 por cento. E a bastante distancia da media. O metro cadrado págase a unha media de 1.627 euros. A escalada de prezos parece inesorable. En España, o prezo medio sitúase xa en 2.675 euros. A Sociedade de Tasación prevé que durante 2006 continúe o crecemento dos prezos da vivenda, pero "con ritmo menos acelerado".

**Parque de vivendas** | A nivel estatal, o parque de vivendas aumentou en 17 millóns entre os anos 1950 e 2005, das que, unha de cada catro (4,6 millóns), construíronse a partir de 1995 dentro da última etapa do 'boom inmobiliario', segundo datos recollidos na obra da Fundación BBVA "Estadísticas históricas de España", onde se afirma que o frenci construtor, moi superior ó crecemento da poboación, provocou que o número medio de habitantes por vivenda familiar pasara de 4,47 en 1950 a 1,96 en 2001.

Paralelamente produciuse unha forte diminución da porcentaxe de vivendas principais ocupadas, pasando dun 93 por cento do total do parque de vivendas en 1950, ó 68 por cento en 2001 e unha tendencia moito máis acusada a optar pola propiedade fronte ó aluguer. ■

[**colato**]

A Sociedade de Tasación, que puntualmente publica un dos múltiples informes que saca á luz pública o sector, asegura Galicia foi onde máis se encareceron os pisos no último ano. Creceron en 2005 case un 16 por cento. E a bastante distancia da media. O metro cadrado págase a unha media de 1.627 euros. A escalada de prezos parece inesorable.